

A nosa referencia: 2 - Secretaría
Expediente: 2026/G010/000013

Notifícolle que a Sra. alcaldesa, con data 11-08-2026, ditou a resolución núm. 597/2026 que se transcribe a seguir:

«RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Visto o escrito procedente da Xunta Electoral Central, rexistrado de entrada ao núm. 202500000002151 o día de hoxe.

En uso das atribucións que me son conferidas no artigo 21.1 c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e no artigo 97 do Regulamento orgánico municipal, **RESOLVO:**

Primeiro: Convocar sesión extraordinaria e urxente do Pleno municipal para o mércores 12 de agosto de 2026, ás 10:30 horas, coa seguinte orde do día:

- 1º Pronunciamento do Pleno respecto da urxencia da convocatoria e do seguinte asunto a tratar
- 2º Xuramento ou promesa e toma de posesión do cargo de concelleira de dona María Luisa Fernández Santín

A urxencia da convocatoria vén motivada porque no día de hoxe recibíuse o escrito da Xunta Electoral Central ao que se achegaba a credencial da nova concelleira do Partido Popular, e co fin de que esta poida exercer o seu dereito a asistir á sesión extraordinaria do Pleno municipal que xa estaba convocada para mañá, día 12 de agosto de 2026, ás 11:00 horas.

Segundo: Notificar aos señores concelleiros e concelleiras que integran a corporación.»

Cambre, na data da sinatura dixital

A secretaria accidental

Mª del Juncal Capín Fonseca

TABOLEIRO DE ANUNCIOS